



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O MANTEMENTO DUN DISPOSITIVO PARA A ATENCIÓN E ACOLLIDA DE MULLERES VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

REUNIDAS

Dunha banda:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por D. Alfonso Rueda Valenzuela, en virtude do Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

A entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (CIF R-1500053B), representada por Don José Anuncio Mouriño Rañó (NIF 35404408W) na súa calidade de director da entidade, polo nomeamento do Excmo. e Rvdm. bispo da Diocese de Santiago de Compostela de data 1 de setembro de 2014, que actúa no seu nome e representación segundo dispón o seu nomeamento.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

Segundo.- Que o artigo 41.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dispón que a Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.



Terceiro.- Que o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

Cuarto.- Que o artigo 47.1 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Quinto.- Que o Plan integral de loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018 establece dentro dos piares do Plan de acción no que se fundamenta a eficacia da loita contra a trata con fins de explotación sexual, a necesidade da participación de todos os actores que interveñen nestas situacións, entre os que se atopan institucións públicas e privadas e as organizacións especializadas da sociedade civil; e de continuar traballando no impulso de espazos de coordinación e cooperación dos distintos axentes públicos e privados, así como no establecemento e formalización de protocolos de coordinación e derivación, garantindo, en especial, a coordinación coas organizacións que proporcionan servizos de atención especializados.

Sexto.- Que a Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, recentemente modificado pola Lei orgánica 10/2011, do 27 de xullo e que ten por obxecto perfeccionar a coherencia normativa co Convenio número 197 do Consello de Europa, do 16 de maio de 2005, de loita contra a trata de seres humanos, que exige brindar asistencia integral ás vítimas de trata, independentemente de se colaboran ou non e da súa situación administrativa.

Sétimo.- Que o artigo 59 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, redactado pola disposición final segunda da Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, dispón que os órganos administrativos competentes, cando consideren que existen motivos razoables para crer que unha persoa estranxeira en situación irregular foi vítima de trata de seres humanos, informarán a persoa interesada sobre as previsións deste artigo e elevarán á autoridade competente para a súa resolución a oportuna proposta sobre a concesión dun período de restablecemento e reflexión, de acordo co procedemento previsto regulamentariamente. O dito período de restablecemento e reflexión terá unha duración de, polo menos noventa días, e deberá ser suficiente para que a vítima poida decidir se desexa cooperar coas autoridades na investigación do delito e, de ser o caso, no procedemento penal.

Oitavo - Que a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela conta, dentro do Programa Vagalume, cun dispositivo destinado á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, procurándolles un apoio na busca de solucións dos conflitos que derivan da súa situación específica. Dentro dese dispositivo dispón dunha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e





escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

Noveno.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de explotación sexual e trata un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación tendo en conta a especial vulnerabilidade na que se atopan.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela para o financiamento dos gastos correntes de funcionamento do dispositivo de atención a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

O carácter singular do presente convenio, ven determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, tan só existen dous centros de apoio, acollida e recuperación ás mulleres vítimas de explotación e de trata. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por estes centros, levan a esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a establecer unha colaboración o máis estreita posible con estes centros.

SEGUNDA. CONTIDO E BENEFICIARIAS

A entidade comprométese a manter o dispositivo en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres vítimas de explotación sexual e de trata, facilitando, alomenos, o aspecto do aloxamento, acceso a tratamento médico, psicolóxico e información e asesoramento legal sobre servizos e programas.

TERCEIRA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Secretaría Xeral da Igualdade aportará a cantidade de 20.000 € (vinte mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2015 00145) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2017 para os gastos correntes realizados no exercicio 2017 derivados do funcionamento e mantemento do dispositivo.





CUARTO. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, está obrigado a xustificar ante a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos documentos que a continuación se sinalan:

- **Memoria de actuación**, expedida polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- **Certificación**, expedida polo órgano competente da entidade dos gastos realizados.
- **Relación das facturas e outros gastos realizados**, con identificación dos acredores cos seus NIF, número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e a data de pagamento, asinada polo órgano competente da entidade.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria





▪ **Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas** para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

▪ **Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas** tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 15 de novembro de 2017, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 17 de novembro de 2017. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

SEXTA. FORMACIÓN

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela comprométese a que o persoal da entidade que desenvolve as súas funcións con carácter habitual no dispositivo prestando atención ás mulleres, participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie a Secretaría Xeral da Igualdade, durante a vixencia do convenio.

SÉTIMA. OBRIGAS

A entidade comprométese a:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración que presta a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Secretaría Xeral da Igualdade.
- c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos e non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- d) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.





f) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración, ente público ou sociedade.

g) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

h) Presentarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao remate da vixencia do convenio, unha **memoria de actuación** na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que indicará, as persoas atendidas, desglosando os datos segundo os criterios establecidos (mulleres/menores, nacionalidade, idade, nivel de estudos, situación laboral e grupo de vulnerabilidade), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

i) Remitirlle **semestralmente** á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e dentro dos vinte primeiros días do mes seguinte a aquel, os **datos** das persoas usuarias do dispositivo desglosando os datos segundo os criterios establecidos (mulleres/menores, nacionalidade, idade, nivel de estudos, situación laboral e grupo de vulnerabilidade).

OITAVA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

NOVENA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian a desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.





2. calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución.

Concorridos tales supostos se reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/algunha funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMA SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela queda obrigado a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias dos programas do presente convenio, tanto dos contidos en ficheiros automatizados como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá aínda cando finalice a súa colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa que a desenvolva.





Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
P.D. (Orde do 14 de maio de 2013)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella

CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA



Jose Anuncio Mouriño Rañó